

A POESÍA ÉPICA

- ✚ A epopea é a máxima representación da poesía épica; é un poema narrativo, de estilo elevado, moi elaborado, que **relata historias e fazañas de heroes exemplares**, coa intención de presentar uns modelos de conducta heroica.
- ✚ Os poemas épicos transmitíronse **de maneira oral**. Os encargados diso foron os **rapsodos ou aedos** que poden ser comparados coa figura do xograr da épica da nosa literatura.
- ✚ Os poemas de Homero son **formularios** xa que ó longo dos poemas prodúcense repeticións de fórmulas ou expresións (epítetos, versos enteiros...) que servían para facilitar a memorización e recitación do poema.
- ✚ A estrutura métrica está baseada no **hexámetro**; cada verso está composto de seis pés ou metros, formados cada un por unha sílaba longa e dúas breves, se ben as sílabas breves poden ser substituídas por unha longa.
- ✚ Os principais representantes da poesía épica en Grecia son Homero cos seus dous poemas **A Ilíada** e **A Odisea** e Hesíodo coas obras **Os traballos e os días** e **A teogonía**.
- ✚ Pouco sabemos de Homero, non obstante, parece que se trata dun home que debeu vivir na rexión de **Quíos e Esmirna** (Asia Menor) e que desenvolveu a súa actividade durante o século **VIII a.C.**

A Ilíada

- ✚ A Ilíada consta de vinte e catro cantos, ó longo dos cales se nos fala **duns días do último ano de guerra**.
- ✚ Os dous temas máis importantes son:
 - ✚ **A cólera de Aquiles**. O protagonista da obra anóxase con Agamenón porque lle rouba unha escrava, Briseida, que lle correspondera ó heroe como botín de guerra. Aquiles retírase do combate e os gregos comezan a retroceder. Ante a negativa do heroe a volver, Patroclo (grande amigo de Aquiles) pide que lle deixe a súa armadura; así tal vez a súa suposta presenza na contenda aterrorizará ós troianos. Pero cando Héctor descubre o engano, Patroclo morre.
 - ✚ **A vinganza de Aquiles**. Ante a dor que lle produce a morte do amigo, Aquiles volve ó combate coa única intención de matar a Héctor. O heroe troiano será derrotado e o seu cadáver será humillado, atado ó carro do vencedor e arrastrado ignominiosamente ante os muros de Ilión. Príamo irá a buscar o cadáver do seu fillo para darlle sepultura. A Ilíada remata co diálogo entre o heroe e o ancián.

A Odisea

Estructura e contido da Odisea:

- ✚ **Prólogo-Introducción**, con invocación á Musa e asemblea dos deuses, onde se organiza a acción.
- ✚ **Telemaquía** (cantos I-IV), protagonizada por Telémaco e a súa visita ós palacios de Pilos e Esparta en busca de noticias do seu pai.
- ✚ **Aventuras mariñas ou Odisea propiamente dita** (cantos V-XII). Odiseo debe vencer ó longo da narración destes cantos os obstáculos que lle impiden o regreso (νόστος). As aventuras teñen a seguinte orde:
 - ✚ Odiseo leva retido sete anos por Calipso cando os deuses deciden que parta.
 - ✚ Odiseo chega ás costas dos feacios onde relata as súas anteriores aventuras:
 - ✚ Os cicóns
 - ✚ Os lotófagos
 - ✚ Polifemo
 - ✚ Eolo
 - ✚ Os lestrigóns
 - ✚ A maga Circe
 - ✚ A viaxe ós infernos (Tiresias)
 - ✚ As sereas
 - ✚ Escila e Caribde
 - ✚ As vacas de Helios
 - ✚ A chegada á illa de Calipso
 - ✚ Os feacios achégano a Ítaca.
- ✚ **Vinganza en Ítaca**, coa morte dos pretendentes a mans de Odiseo, o seu fillo e amigos (XIII-XXIV). Unha vez conseguido o regreso, e xa no seu palacio, debe vencer ós pretendentes, que consumiron as súas pertenzas durante a súa ausencia. Vencidos os obstáculos, o heroe reencontra a súa esposa, fillo e fogar.